# TIADEIRO

1.992



# O MAGOSTO

¿Qué é? O magosto, ten 3 definicións:

1ª O magosto é unha fogueira que se fai no campo, para asar castañas.

2ª O magosto tamén é cada un dos conxuntos de castañas asadas deste xeito.

3ª E por último, o magosto é cada unha das festas que se celebran en Galicia entre os meses de outubro e novembro, para comer castañas asadas, claro, mentres se bebe viño novo e se comen chourizos.

O magosto, por suposto, é moi tradicional de Galicia.

No noso colexio, o magosto vense a celebrar dende sempre. Para outros, ó mellor non, pero nos, tódolos anos, ou pola mañá ou pola tarde, partimos para algún lugar onde asamos castañas...

Antes do magosto, sobre todo hai que poñé-las castañas a secar. Despois os mestres elixen un lugar onde ir e xa preparamos todo. Despois e cando empeza o magosto de verdade.

Dos outros magostos, xa non me acordo, pero vou contar o deste ano. Outras veces só iamos ó magosto pola tarde. Este ano fomos todo o día, dende as 9,30, ata as 5 da tarde.

Todo empeza pola mañá. Saimos de casa e os que temos autocar, imos nel, e os que non o teñen van andando. Logo de chegar ó colexio, entramos na clase. Logo a xogar e a esperar para irnos a Udra, o lugar elexido. Máis tarde, véñennos a buscar e emprendemos o camiño. Imos camiño abaixo de Udra, collemos un atallo e xa chegamos.

O chegar xuntámo-los bolsos, preparamo-las fogueiras e cada un xoga e divírtese. Máis tarde, fixemos un recorrido, e o chegar o sitio de partida empezamos a comer, beber...e logo diso e de xogar e divertirse, chegou o momento cumbre da festa: o magosto. Explícome, acéndese as fogueiras, ásanse ben asadas as castañas, e ¡a comer!

Logo diso, coma sempre, os rapaces coa borralla que queda de asar, emborrallan a todo o mundo, e incluso ós profesores. E así transcurre o magosto.

Despois, imos camiño arriba ata o colexio, para non perdé-lo autobús, os que o teñan que coller, claro.

E así foi como transcurriu un día agotador, pero alegre, divertido e inolvidable.

Rubén Darío Pereira Domínguez

8º B

Cantiga de Martin Codax

Nun pobo Galego ala polo seculo 15 naceu unha rapaza de pelo louro e ollos azuis.

A rapaza foise facendo maior chegando os quince anos e casando os 23 anos. O seu home era mariñeiro e tiña que ir traballar moi lexos da terra. Unha noite antes de irse dixeo:

— "Se os sete anos non volvo, casate."

Pasou un ano. Pasaron dous, pasaron tres, pasaron catro, pasaron cinco...

Chegou o septimo ano...

Sentada á beira do mar cantaba:

Ai ondas que eu vin veer
se me saberedes dicer.
¿— Porque tarda meu amigo sen min?

Chegou a noite e o dia...

Marchou para casa, pero cada mañanciña voltaba...

Ai ondas, que eu vin mirar
se me saberedes contar
¿Porque tarda meu amigo sen min?

Non se sabe con seguridade, mais dicese que aida espera sentada na busca

IVAN PASTORIZ 1 -5C

PRIMEIRO CONCURSO DE REDACCION DA FESTA DA VIEIRA

1º PREMIO CICLO SUPERIOR

Eu , Xosé, fun a submarinear pola costa por primeira vez.

Cando me sumerxín no mar, o primeiro que vin foi area, area e máis area. Fun dun lado para outro e ¡ nada!. Area, area, e máis ares. E nese momento é cando vin unhas diminutas pedras. Púxenme a escavar e ........ e encontrei unha gran rocha, pero inmutado seguín escavando. De entre as rochas saíu, ante os meus ollos un gran polbo. Empecei a poñerme nervioso e de súpeto, diante miña, o polbo púxose a falar. Díxome: "¿ Que tal forasteiro, como estás ?"

Eu con moito medo díxenlle: " ¿ eh ? eu, ben, ben ";

- "¿ Que buscas, pareces moi axitado? dixo o polbo.

- Eu contestei " ¡ Nada, nada ! " non é cousa túa "

- Dimo. Eu coñezo todo o reino submarino. . Eu son periodista, fíxate e como coñezo tanto ata ¡, ata un día entrevistei a Neptuno! 2

- " Oh pois vale. Busco unha vieira. Quero unha vieira para estudiala ¿ Sabes ?"

- Non, non sei, pero ¿ Solo búscas unha? dixo o polbo casi rindo.

- Eu casi gritando contestei. -"Si con unha bástame."

O polbo levoume bastante lonxe, a un sitio ande había corais, e díxome.

-¡Ata pronto, aquí encontrarás lo que buscas ... !

Era un edificio que poñía: BAR DO MEXILON e máis abaixo en letras máis pequenas : 1º plato: algas rebozadas e 2º plato: corais en escabeche ¡ Buf! sorte que non había postre.

Tal vez o polbo confundírase de lugar, pero, hai que ter en conta que el sabía máis ca min. Entrei e ...

¡ Non o podía crer! ¿ O que vin foi real?. Frotáime os ollos un par de veces, pero ¿ Como podía ser verdade? Navallas xogando ás cartas, ameixas que se ventilaran dez botellas de viño, e un mexilón de camareiro. Dixen en alto ¿ Sabe alguén onde andan as vieiras?.

Todos, absolutamente todos miraron para min con cara de poucos amigos. Deume a espiña de que non eran bos amigos delas, porque o máis cercano a min, deume tal patada que quedei inconsciente durante tres horas. Proseguín a buscar.

Despois cheguei a unha zona de berberechos, e dixen o mesmo.

Tamén ollaron para min, pero contestaron algo así:¡" Moxo, moxo "! Sorte que tiña un Diccionario GALEGO-BERBERECHENSE. Daquela dinme de conta de que querían dicirme que llo dixera a gran Ostra. Un berberecho ensinoume o camiño e dixo: " Xomo, Xomo " que dicía que eran mil pesetas. ¡ Carai para eles!

Entrei e a gran Ostra empezou a falar mal de min dicindo:

- Búscallas vieiras ¿ eh ?¡Pois ti sabes ben onde están!

- Eu, pero. ..

- ¡ Pero nada. Vos os homes pescades todo, e neste inverno, non vos chegou, que pescades as pequenas! Fai un momento tres vieiras(pequenas) bebés viñeron a preguntar polo seu irmán pequeno. ¿ Quen cres. que foi ¡Eh! ... O pescador de ahi enriba colle todo o que lle pasa polas redes. Hai que facer algo ¡E axiña !

Entón saimos a correr e vimos ó pescador coa rede hata abaixo de todo. Ahi interviron os cangrexos, cortando toda a rede, e facendo un burato na barca ó pescador e a súa barca empezaron a afundir e as vieiras quedaron soltas.

O pescador saíu nadando , e correu cara a terra.

Todos estaban moi contentos e agradecérono moito.

Foi unha viaxe fantástica ¡ Volverei !

¡ E recorda non pesques peixes pequenos, porque se non non se reproducirán, e esgotaremo-la súa espécie !

David Cerviño Fernández 6º "A"

NOTA: Os outros dous traballos premiados sairan no próximo Periódico.




ADRIAN LAMOSA TORRES 8º A

## 1º PREMIO DO CICLO MEDIO

A vieira é un molusco, moi rico que se pode cociñar de moitas maneiras. E o símbolo de Bueu e dentro de uns días vaise levar a cabo a primeira " FESTA DA VIEIRA " en Bueu.

A vieira ten dúas conchas: unha plana e outra ovalada. Véndese na subasta por ducias.

Non se poden ter máis de tres días sen comer, ou fóra da nevera ou - congelador porque se non póñense malas e fannos dano.

Vou a contar o que lle pasou a unha familia de vieiras:

Erase unha vez unha vieira moi pequeniña que acababa de nacer no fondo do mar nun montonciño de area. A nai trasladouna a costas ata onde estaba o resto da familia, que eran oito vieiras. Ó chegar onda o resto da familia, empezaron a aplaudirlle abrindo e pechando as conchas. Aquel día para eles foi moi importantes porque era unha vieira máis para a familia. Era unha das familias máis grandes de baixa mar.

A vieira puxéronlle de nome Alfredo.

O tempo foi pasando e Alfredo ía medrando.

Cando Alfredo tiña dous meses, un día un pescador pescou á nai de Alfredo, e Alfredo chamou á súa familia, Entre todos coas súas cunchas romperon a rede e salvaron á nai de Alfredo. Aquel día Alfredo deuse conta de que unha nai valía moito e que a quería de verdade. O Avó diulle un consello: anda con cuidado polo mar porque moita xente te quere atrapar. Unha vez enfadouse coa nai e cos seus familiares e foise correndo, mellor dito nadando ata un recuncho de area, pero alí caeu unha rede e Alfredo dixo: " Que me collan, Dame igual". Pero naquel mesmo intre chegou o avó e quitouno de alí. Alfredo xa tiña 5 meses, e era hora de coller - mociña e facerse papá, Colleu unha mociña que se chamaba Anais. Era unha vieira flaquiña e pequeniña. Tiveron fillos, bueno vieiras. Dúas vieiras moi bonitas e de alí a tres días morreu o seu avó e despois a súa avoa - Alfredo estaba moi triste e Anais tamén. Entón á filla púxelle como se chamaba a avoa María e tamén ó irmán Xosé.

Co avó agora eran nove na familia: O pai, a nai de Alfredo, Anais, Alfredo, Xosé,María, o Tío, a Tía, o Primo.

Candos os fillos de Alfredo eran grandes a Alfredo pescouno un pescador e a Anais tamén quedaron os fillos, pero sem os pais foron felices, pero arenderon unha cousa: que a vida era moi curta para algunhas vieiras como fora a vida do pai.

O pai deixou nunha rocha un escrito que dicía o que lle dixo o avó a Alfredo: Anda con cuidado polo mar filliño, que, moita xente quérevos atrapar como a min e a túa mai. E firmou Alfredo e Anais. Os fillos foron felices. Tiveron fillos e comeron algas.

Vou dicir unha receta.

"<u>Vieiras ó forno</u>"

Ingredientes:

1 ducia de vieiras
1 pemento
2 cebolas
2 dentes de allo
-pirixel
-un pouco de pimentón doce
-pan raiado
-viño blanco
-aceite
-sal

Cóllense as vieiras, límpianse e na cuncha máis fonda póñense tódolos ingredientes picados menos o pan raiado. As vieiras vótaselle o sal e o aceite e enriba o pan raiado. Métense no forno 30 minutos, depende dos gustos. Quítanse do forno, póñense nos pratos e cómense.

A vieira é un bo alimento e moi rico. Cóllense nas Rias Baixas.
Bueu é a vila do marisco, un pouco gracias á vieira e outro pouco ó resto.
A vieira péscana, tráena ata a lonxa e alí subástanse. Despois algunhas tendas cómpranas, conxélanasevéndenasconxeladas, a menos precio porque xa non son do día. Estanse pescando neste mes.
Desde hoxe dinme conta de que a vieira e moi importante para Galicia e tamén de que ten vida e pode ter aventuras e xogos como as persoas, e que as vieiras pequenas non as deben pescar, porque a historia que di no conto coas vieiras pode ser realidade e deben vivir un tempo máis ata que se fagan grandes e poidan vivir a vida e reproducirse máis para non estar en perigo de desaparición.
As vieiras comunícanse mediante o son das súas cunchas. Algunhas teñen perlas na súa boca e si te metes con elas trábanche. Son moi bonitas e teñen unha forma rara de ser.
Isto é todo o que sei sobre a vieira. Espero que valera de algo o meu esforzo.
Este para min foi un dos mellores temas.

Miriam Ferradáns Ferradás

# O CAMIÑO DE SANTIAGO

## AS ORIXES DO CAMIÑO

Durante a repoboación feita polo rei Alfonso II en terras galegas, o bispo Teodomiro, descubría no ano 813, un sepulcro onde se supoñía que estaban enterrados os restos do Apostolo Santiago.
Así Santiago de Compostela convertíuse no principal centro de peregrinación de Europa.
O Camiño de Santiago foi unha importante fonte de ingresos para os reinos cristiáns españois.
As cidades situadas xunto ó Camiño, tiveron un gran pulo comercial. O Camiño de Santiago saía dende Francia por catro vias distintas, e entraban en España polos pasos de Roncesvalles e Somport.

## O CAMINO

No CODEX CALIXTINUS" indicábanse as trece xornadas que o peregrino debía seguir ata chegar a Santiago, así coma os edificios e santuarios máis importantes do camiño.
No percorrido do Camiño atopábanse os mellores exemplos da arte Románica española.
O longo do Camiño construíronse edificios de todo tipo, como hospitais, pousadas, igrexas, santuarios e pontes, que eran usados polos peregrinos. Por todo o Camiño colocáronse imaxes do Santo e tamén as típicas cunchas propias do peregrino.

## O FINAL DO CAMIÑO

Os peregrinos eran felices cando chegaban ó alto dun outeiro preto de Santiago e ollaban a prodixiosa catedral que gardaba as santas reliquias e que era o último obxectivo da súa longa andadura.
Santiago de Compostela tiña sete portas de acceso. Os peregrinos entraban pola porta do Camiño. Seguían pola rúa da Acibechería, poboada de comercios e de pousadas, nas que o peregrino descansaba.
A Praza da Acibechería tiña unha fonte onde os peregrinos podían alivia-la súa sede e o seu cansazo.

## A CATEDRAL

A Catedral, con planta de cruz latina, ten tres naves.Comezou a construirse no reinado de Alfonso VI a finais do século XI,e rematouse arredor do 1188.
Os restos do Apóstolo gárdanse nunha arca de prata que se atopa na cripta da Catedral. Grandes arcos de medio punto que se apoian en pilares, dividen ás tres naves.
Enriba das naves laterais, hai unhas galerías que permitían ós peregrinos seguí-lo culto.

Das tres portadas que tiña o templo a porta da Acibechería, ó norte foi destruida a mediados do século XVIII. As das Praterías, ó sur, cosérvase moi semellante ó orixinal, e a do Obradoiro leva sufrido moitos cambios. Do Pórtico da Gloria, obra do mestre Mateo, só se conserva a fronte principal.

Xa no século XII creouse unha guía para o peregrino recollido no "Codex Calixtinus".

Os peregrinos levaban unha cabaza que enchían de auga, e na capa unha cunha colgada.

Case tódolos peregrinos viaxaban a pé. Só uns poucos o facían de a cabalo. A viaxe levaballes moitos días e era dura pois tiñan que soportar frío calor e tormentas; se vían atacados por salteadores que roubaban ou mataban.

Gracias as peregrinacións, Compostela chegou a converterse nun dos centros relixiosos e culturais máis importantes de Europa.

Miguel Angel Salas de la Torre

6º B





aminacien



LA ACTIVISTA GUATEMALTECA RIGOBERTA MENCHU, PREMIO NOBEL DE LA PAZ 1992

La indígena y activista guatemalteca Rigoberta Menchú Dum, de 33 años de edad fué galardonada con el Premio Nobel de la Paz 1992. Menchú es la novena mujer que obtiene el galardón desde que fué institutido en 1901, también fué la primera indígena de América y el segundo guatemalteco que recibe el Premio Nobel, ya que en 1967 fuera distinguido Miguel Angel Asturias.

Menchú nació el 9 de enero de 1959 en Chimel, una aldea de la provincia de Quiche. Cuando se hizo mayor ingresó en el Comité de Unidad Campesina, para defender los derechos de los indígenas. Poco después le muere la familia y ella va exiliada para México, donde forma una gran campaña.

Aparte de ser una mujer que le gusta la paz, Menchú también escribió dos librosm que son:

-"Me llamo Rigoberta Menchú"

-"Así me nació la conciencia".

Adrián Pérez Pastoriza

(8º B)



## EL PAPA REHABILITA A GALILEO

En junio de 1633 el Santo Tribunal de la Inquisición condenó a Galileo Galilei, estableciendo que "la proposición de que el Sol es el centro del Universo (teoría heliocéntrica) y que no se mueve" fué calificada de falsa, absurda y herética por ser contraria a las ideas de la Sagrada Escritura. También fue considerada errónea para la fe la proposición de que la Tierra no es el centro del Universo e inmóvil, sino que se mueve y que tiene también un movimiento diurno.

Tres siglos y medio más tarde, el Papa ha querido rehabilitar formalmente a Galileo, levantándole la condena que el Santo Oficio le había impuesto. Uno de los más grandes científicos y filósofos ha sido perdonado. Aunque a su protagonista ya no le pueda satisfacer este perdón, servirá para reparar un error histórico.

Sarah Martín Menduiña (8º B)

## HOMENAXE A UN AMIGO

Non podemos deixar pasar esta ocasión, para lembrar ó noso amigo Fernando, que nestas festas de Nadal non vai estar con nós. Unha mala pasada da vida fixo que Fernando, o 25 de setembro de 1992, nos deixase para sempre, pero o seu recordo vainos quedar a todos no corazón.

En un día tan entrañable como é o Nadal, esperamos que Fernando nos recorde con moioto cariño, porque nós aquí na terra nunca o olvidaremos.

## UNHA MENSAXE DE AMOR

Fernando, en nome de tódolos alumnos do Colexio Público de Beluso, so che quero dicir que temos un grandísimo recordo teu.

Pedímosche que non te olvides de nós, como nós xamáis te olvidaremos.

Tamén queremos que o día de Reis, estés o lado de tódolos rapaces deste colexio, porque nós estaremos encantados de compartí-los regalos contigo.

Eloy Torres Gómez

8º B

# ENQUISA

# A CAPA DE OZONO

Somos un grupo de rapazas de Sexto B que fixemos unha enquisa para saber se os nenos do colexio están enterados sobre o burato na Capa de Ozono. De 50 rapaces entrevistados dos cursos sétimo e oitavo, obtivemos os seguintes resultados:

**¿Qué é para ti o OZONO?**

- un líquido
- un gas
- un refresco
- un mar
- unha montaña
- un reflexo
- unha cousa imaxinaria
- un val
- outras respostas

De todas estas solucións, 41 deles afirmaron que para eles o ozono era un gas. Oito deles deron outras respostas.

**¿ Sabes que é a CAPA DE OZONO ?**

- unha zona marina
- unha parte da atmósfera
- o vento do deserto
- unha capa subterránea
- unha compañía de aviación
- outras respostas

Corenta e nove rapaces pensan que a capa de ozono é unha parte da atmósfera, e un deles dou outra resposta.

**¿En que estado cres que se atopa a capa de ozono?**

- moi bo
- regular
- moi mal
- mal
- bo
- outras respostas

Dazaséis rapaces dixeron que se atopa moi mal, 21 afirmaron que estaba mal e dous dixeron outras respostas.

**Se está deteriorada, ¿cales son as causas deste deterioro?**

Vinte rapaces afirmaron que era a utilización de aerosoles; 35, polos fumes das fábricas e dos coches; 3, polo fume do tabaco, e un deles, outras respostas.

**¿Que consecuencias poderían derivarse da súa destrucción?**

2, desaparición dos animais salvaxes; 21, graves queimaduras;27, aumento de cánceres da pel; 8,importantes cambios climáticos;10,outras respostas.

**¿Cres que os gobernos se preocupan o suficiente?**

14,regular; 22, pouco; 14, nada; 1, outras respostas.

**¿Que solucións nos dás para evita-la destrucción do planeta Terra?**

As respostas máis acadadas foron as seguintes:

Non utilizar gases e líquidos que contaminen a atmósfera. Coidala un pouco máis. Non usar lacas para o pelo. Non usar gasoliña.Non usar líquidos. Que non utilicen aerosoles. Face-las cousas sen causar danos. Pór depuradoras. Non botar residuos tóxicos. Non botar basura ó mar.

Irene, Carmen S., Monse, Melina (6$^{0}$B)

# -ENQUISA-

## ¿ Canto tempo ves diariamente a televisión ?




ENQUISA FEITA POLOS ALUMNOS DE 5ºA A 354 RAPACES DO COLEXIO DE BELUSO.

NOTICIAS DO COLEXIO

## As renovacións do "cole"

Dende o ano pasado o colexio levou moitas renovacións. Cambiaron as ventás, anque as persianas non son millores cas de antes. Tamén cambiaron as portas de entrada.

### OS PROFESORES

Marcháronse profesores de antigos tempos e viñeron outros novos, a directora segue sendo a mesma.

### DESGRACIAS

Tamén houbo desgracias, coma a dun neno do colexio que resultou morto nun accidente na carreteira, e foi unha perda moi grande pois só tiña 10 anos.

### AS ACTIVIDADES

Seguen sendo as mesmas pero hai pouco tempo meteron unha nova: a natación.

## O día do magosto

O pasado día do Magosto os de Quinto A, os de Sexto, Sétimo e oitavo fomos a Cabo Udra e pasámolo moi ben. Xogamos un partido contra os nenos da nosa clase e, por pouco, ganamos nós. Nós(as

NOTICIAS DO COLEXIO

As renovacións do

nenas) tivemos que averiguar quen era Mahoma para poder ir ó alto da montaña e só nos puidemos desprazar 200 metros. Despois asamo-las castañas e os profesores queríannos pinta-la cara e pasamos todo o tempo escondéndonos.

Rosa Moldes, Marina, Mónica



# NOTICIAS DEL BARRIO

## OS ROUBOS

O outro día na perruquería de Chus foron roubar; o roubo din que empezou así:

Era pola tarde e unha muller foi a corta-lo pelo. Despois, un home xoven, de non se sabe que idade, foi e entrou no garaxe namentras á señora lle cortaban o pelo. O mozo entrou e levou moitas xoias porque a señora tiña moitas, e levaría unhas 500.000 pts. en xoias.

Hai uns meses a un chaval chamado Paco leváronlle a moto.

Era de noiite e uns ladróns foron a cas de Paco e roubaron algunhas cousas, entre elas a moto. O mozo está moi apenado pero non se sabe certamente quen foi.

Alberto sexto B

## OS CAMIÑOS DE BELUSO

Nesta vila de Beluso, onde hai moitos camiños, precísase arranxalos, pero ninguén én facelo.

O lado da miña casa hai moitos camiños cheos de lama. Os viciños de por alí fixeron con cemento tapa-la metade do camiño.

Por Vilar tódolos camiños están ben postos, con cemento, e por aquí todos están moi mal. O mesmo pasa coas carreteiras. Xa hai un ou dous anos que non as enchen con "pichi" e teñen uns buratos moi gordos, para esquivalos hai que ir moi amodo. E dicir, que a carreteira está a pobre feita un verdadeiro desastre.

O mesmo pasa tamén en cabo Udra; para ir en coche, en bicicleta ou no que sexa isto é case imposible. Os camiños son moi estreitos e, cando chove, como os camiños son de barro, a chuvia arrastra o barro e quedan unha especie de gretas e iso non se pode facer.

Hai que coida-la pouca natureza que nos queda, camiños ou o que sexa. Este Bel Beluso, se o arranxaramos un pouco, poderíase comparar con calquera cidade.

José Benito sexto B

Na praia de Bon os contrabandistas roubaron nos chalés, porque non queren que os vexan cando están na praia.

O alcalde non quere asfalta-los camiños, nen as carreteira. E se vas dicirlle algo, diche que si e nunca fai nada.

Agora non deixan facer chalés, alomenos se non tés uns cantos metros.

Juan Pablo sexto B

E N T R E V I S T A

Dª Montserrat Rodríguez Comedeiro é a Concelleira de Deportes no Concello de Bueu. Para falar dos temas relacionados coa súa área e doutros temas mantivemos unha entreevista con ela.

P.-¿Cantos anos tes?

R.- Teño vinteséis anos

P.- ¿Gústache ser concelleira?

R.- Gústame ser concelleira pero é moi sacrificado.

P.-¿Que traballo fas aparte de ser cocelleira?

R.- Aparte de ser concelleira dou clases de EXB.

P.- ¿Gústache darlles ximnasia ás nenas pequenas?

R.- Gústame darlle ximnasia ás nenas pequenas e ás maiores tamén e,¿como non?, ás nais das nenas.

P.- ¿Para ti cal destes dous grupos se inteeresa máis pola ximnasia?

R.- Os dous grupos se interesan moitísimo, xa que os dous grupos están en plena forma, pero as rapazas mostran máis interese.

P.-¿Cal é o teu deporte favorito?

R.- Hai moitos: o atletismo, o tenis, o baloncesto..., e ¿como non?, a ximnasia, entre outros moitos.

P.- ¿Dáche tempo a chegar a tódoalas actividsades a tempo?

R.- Cinco minutos arriba, cinco minutos abaixo.

P.-¿Gustaríache dar clases no colexio de Beluso?

R.- Estaría contentísima de poder formar parte do colectivo de profesores do C.P. de Beluso.

P.- ¿Na túa casa actúas como ama de casa ou non che dá tempo?

R.- Si, como non.

P.- ¿Gústache xogar ás maquiniñas, coma á do Tetris?

R.- Non son do meu agrado.

P.- ¿Importaríache saír na televisión como concelleira?

R.- Sempre que sexa para conseguir algo para o pobo.

P.-¿Que opinas de Udra?

R.- Que temos un lugar moi fermoso en Udra e que temos uns montes moi bonitos, que hai que coidar Udra.

P.- ¿Que opinas do tema da droga?

R.- Que é un tema moi delicado no que temos que traballar moi duro para conseguir entre todos erradicalo e ter unha xuventude sa, saudable e deportista.

Rosa María, Carmela P., Sindi M., Carmela M., Alba A. (sexto B)

## Adiviñas

Unha cousa redondiña
redondela;
primeiro é verde
e despois amarela.

Fouce no rabo
e serra na testa,
¿que cousa é esta?

Ando nas altas montañas
miña nai xa é falecida,
dez me procuran
e dous me tiran a vida.

Palmira(sexto C)

## Sopa de letras

Busca nesta sopa de letras dez nomes propios. Tanto en horizontal, vertical ou diagonal.

F E S O J O R J E
B E N I T O A B D
M A R I N A L N U
D M X N A N E A A
I P U E A A X S R
U A X S C N B U P
A R O N M J D S O
D O N F M J S O O

## Chistes

Na igrexa hai un cartel que pon: "Levantarse, a terra é para quen a traballa".



¿Sabes cual fue la primera mujer que voló? María Escarmiento, que fue a cagar y se la llevó el viento.

¿Sabes por que os de Lepe teñen unha escaleira na praia? Para que suba a marea.

Pablo Ferradás, Gustavo Caballero(sexto C)

====================================oOo====================================

## P o E s I a

La naturaleza es bella,
bella como la vida.
No debemos estropearla
porque la naturaleza es nuestra vida.
En los campos hay flores,
flores de verdad.
Cuando no están contaminados,
¿por qué ahora lo deben estar?

M. Carmen Pastoriza (sexto B)

==========

Cariña do vento cariña do mar
si eu fose coma ti podería nadar
con tanta présa ...
no bran voute buscar.

Cariña do vento cariña do mar
si ti non vés este bran
vante matar
os soldados da ría
que pescan no mar

Cariña do vento cariña do mar
tráeme ó meu home
que está no mar,
trámeo sano e salvo,
peixes e mariscos
para que non vaia máis

Selemne 5º C

Polo monte pasa o galego
pola vía pasa o tren
e pola nosa cariña
unha brisiña tamén.

Na fronteira do mar
brincan e bailan os peixes
porque un meniño gallego
a gaitiña fai falar.

O noso pobo é bonito
o noso pobo é real
está rodeado de área:
as praias que bican o mar

Pola noite ven a lúa
e polo día o sol
pola mañanciña cedo
canta o ruiseñor.

Carmen 5º C

De tu corazón al mío
hay un hilo de seda
que por muy lejos
que estés ni se rompe
ni se enreda.



En un árblo grabé tu nombre
tu amor en mi corazón
pues tú eres más bonito
que el pétalo de una flor



Me llevaste de la mano
a la escuela del amor
el corazón me robaste
en la primera lección.




Azul es el cielo
azul es el mar
azul es el boli
con el que voy a fármar

Entre rosas y claveles
nace la juventud
y de todos mis amigos
el preferido eres tú.





Haciendo un examen
pensando en tí
ahora recuerdo
porqué suspendí



## Poesia

### Por algo yo daría...

Por la tierra, una flor
por el agua, un rana
por los aires, la noche
y la mañana

En otoño, una hoja
en inveierno, el viento
en primaveera, las flores
y en esto no miento

Meli Gestido 3ºA

## Refran

Vaite febreiro cos teus vinteoito que se duras máis catro non q can nen gato.

Rosario Brión 3ºA





## Adivinanza

Del infierno vengo toda cubierta de llagas dentro de mi pecho elevo para convidar las damas ¿Qué es?



Alberto Agulla 3ºA



pero o meu é o mar.
pero o meu é o mar.
Agora xa me sinto vello,
e algo enfermiño para estas cousas,
pero o meu sempre será o mar.
CHINDO
BELUSO 4

# "4.º B"

## ¿CÓMO PUEDE SUCEDER?

El boticario y su hija,
el médico y su mujer,
compraran nueve naranjas
y les tocaran a tres.

## CHISTE

Un padre de familia estaba enfadado con el mal comportamiento de sus pequeñas hijas a la hora de comer.

—Todos quieren hacer aquí lo que les antoja —les gritó—. ¿Es que aquí yo no cuento para nada? Soy un pobre incomprendido. ¿Cuando vais a hacer lo que yo diga?

Marcos, de cuatro años, tirándole de la manga, le aconsejó:

—Llora un poquito.

Carmela H

## Refraneiro

ente nova e leña verde todo é fume.
ai a cabra por a vista tal é a nai tal é a filla.
l luna de outubro sete cubre.
lome roxo e can rabelo, renego del como do lemo.

Araceli

- vocal
+ consoante

Construe xogando e adiviña ⟹

S- CAE+ QU- CAÍA+
+EIXALAS C-ER
AL- PO+ NOVE+BRO.
QU- BE+ HA+ SAB-R.

Todos

# C H I S T E S

Doutor, doutor,
-¿ Cre que o meu marido
perderá o ollo?

Non lle sei, eu
metinllo no bolsillo.

¿ Durmío vostede coa
fiestra aberta"como
lle mandei?
- Si Doutor
- E ¿ como lle foi?
- Moi mal, roubáronme
a carteira da mesa da
noite

- Doutor nadie me comprende...
- Que pase o seguinte.

O Coronel dun Reximento, solicita
a medianoite, falar por teléfono
co Estado Maior.
Ó outro lado 'o telefonista pregunta:
- ¿ quen é o imbécil que me molesta
a esta hora?
- ¿ Sabe vostede con quen está
falando?¡ Son o Coronel do
Reximento!
- ¿ E vostede sabe quen son eu?
- ¡ Non !
-¡Menos mal !

O Coronel:
- Meu Xeneral, perdemos
a batalla.
O Xeneral:
-¡Pois búsquena!

- Veñen os indios, meu Xeneral.
- ¿ En que Plan veñen?
- Deben estar de festa, pois
van todos moi pintarroxeados.

Unha nai dille ó seu fillo:
- Manolín¿que fas na casa a estas
horas? ¡ deberías estar na clase!
- ¡ Xa didía eu que se me olvidaba algo!

- Mamá hoxe non quero ir á escola.
- ¿ Que che pasa, fillo?
- Pois mira, primeiro que teño sono,
segundo que me aburro, e terceiro
que se rien de min.
- ¿ Sabes que che digo? Que tés que
ir. Primeiro porque é a túa obriga-
gación, segundo porque xa tés trin
ta e cinco anos e terceiro porque
eres o Director.

Un campesiño recibe un telegrama de
seu irmán que emigrara a terras ame-
ricanas.
- Ven pronto, eiquí os cartos están
tirados.
O campesiño,sen pensalo moito embár-
case rumbo a Nueva Yok, e nada máis
baixr do barco, ve no chao un billete
de cen dólares. Disponse a collelos,
pero pensando mellor di:
- Meu irmán tiñ razón, pero non
vou a poñerme a traballar dende o
primeiro día . . .

Súbese un señor a un autobús e pre-
gunta ó conductor
- ¿ Canto vale?
- Sesenta pesetas
- Pois que se baixen todos que
quédome con el.

Riiing !!!!
- E a sociedade protectora de de
animais ?
- Si
- ¡ Guau, guau, protéxeme !

- ¿ Cal é o colmo dun carpinteiro?
- Ter unha muller cómoda, uns fillos
listóns unhas fillas travesas e un
can que move a cola.

- ¿ En que se diferencia unha árbo-
re dun borracho?
- En que a árbore empeza no chan e
remata na copa, e o borracho empe-
za na copa e remata no chan.

JONATAN SANMARTIN GONZALEZ 4° " A "

